



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de
Agricultura, Gandería e Montes.)

VICEPRESIDENTE

D. José J. Barreiro Prado
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCALIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servicio de Montes e Ind.Forestais)
D. Luis Mª Muñíos Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Serafín Quinteiro Blanco
(Abogado polo colexio da provincia)

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA DE GUILLADE PONTEAREAS.

D. Félix Sebastián Candeira.
D. Antonio Gregores Iglesias..

SECRETARIA

Dª. Ramona C. Fernández Alvarez.
(Xefa da Sección Xurídica da
Delegación Provincial de Agricultura,
Gandería e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as dezasete horas do día 9 de outubro de 1996, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas reúnese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ó obxecto de decidir sobre a Clasificación dos montes "Alvelle, Gramil e Eiras da Mó" da Parroquia de Guillade, do Concello de Pontearreas.

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Pola Xunta Rectora da Comunidade Veciñal da Parroquia de Guillade(Pontearreas) solicitouse a Clasificación como Veciñal en Man Común dos montes nomeados "Alvelle e Gramil" e "Eiras da Mó", como pertencentes a dita comunidade.

2.- Iniciado o expediente de Clasificación polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común na súa reunión de data 7/6/94, procedeuse de seguido a tramitación do expediente de acordo co procedemento previsto na Lei 13/89 do 10 de outubro do



Parlamento de Galicia de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 do 4 de setembro, persoándose no devandito expediente a Comunidade Veciñal de Santiago de Oliveira en solicitude de que se clasifique como Veciñal en Man Común a porción do monte "Alvelle e Gramil", situada ó Norte da estrada que vai de Guillade a Pontearreas ó considerar que a mesma lle pertence, alegando que realizaron o seu aproveitamento e fixeron no mesmo obras tales como viales, tala de árbores e compartindo campo de fútbol no citado lugar.

Asemade, figura no expediente informe da Xefatura do Servicio de Montes coincidente coa petición dos veciños de Oliveira, de non clasificar a favor de Guillade a devandita parcela de monte que figura ó Norte da estrada reseñada e que forma parte do nomeado "Alvelle e Gramil".

3.- Polo Relator do expediente, xirouse unha visita ós montes referenciados con especial incidencia na parte do monte de "Alvelle e Gramil", onde a conflictividade da ámbalas dúas Comunidades é manifesta, coa asistencia dos Presidentes das mesmas

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Que de conformidade co artigo 9 da Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común corresponde ós Xurados Provinciais o pronunciamento para a Clasificación dos montes Veciñais en man Común na forma prevista na referida Lei e no seu Regulamento.

II.- Que despois dun detido exame da documentación aportada, das manifestacións feitas polas partes interesadas e a visita dos terreos afectados e vistos o artigo 1 da Lei 13/89 de 10 de outubro antes reseñada así como os artigos 1 e 2 do seu Regulamento os membros do Xurado estimando a proposta formulada polo Relator,



ACORDAN, por unanimidade, a Clasificación como Veciñais en Man Común a favor dos veciños da Parroquia de Guillade, do Concello de Pontearreas, dos montes que a continuación se relacionan, correspondéndose coa descripción gráfica da planimetría que a escala 1/10.000 incorpórase á presente Resolución, formando parte inseparable da mesma:

Primeira Parcela: ALVELLE E GRAMIL

CABIDA: 17,8 Has.

LINDES

NORTE: Estrada de Guillade a Pontearreas.

SUR: Propiedades particulares.

LESTE: Propiedades particulares e monte clasificado como veciñal en man común de Guillade.

OESTE: Propiedades particulares e monte clasificado como dos veciños de Celeiros.

Segunda Parcela: EIRAS DA MO

CABIDA: 6,1 Has

LINDES

NORTE: e LESTE: Propiedades particulares.

SUR: Propiedades particulares, monte clasificado como veciñal en man común dos veciños de Guillade e parcela denominada Cabada do Igresario.

OESTE: Monte clasificado veciñal en man común de Guillade.

No perímetro interior figura un enclave nomeado "Cabada da Revolta", cerrado con muros de unhas 2,5 Has, de propiedade privada. na parcelade Alvelle e Gramil

Por outra parte os membros do Xurado de maneira unánime ACORDAN: Excluir da Clasificación a parcela de monte nomeada "Alvelle e Gramil", situada ó Norte da estrada de Guillade a Ponteareas, dunha superficie de 10,9 Has por non acredita-la Comunidade solicitante o seu aproveitamento.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 59 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



[Handwritten signatures and initials]

